

## ANUNCIO DE LICITACIÓN

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de febreiro de 2017, foron aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas (PCAP) e Técnicas Particulares que rexeran na seguinte licitación:

### 1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: (EXP.005-SERVPA17)

### 2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Servizo de Explotación do Espazo Gastronómico da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos.
- b. Prazo de duración: 2 anos
- c. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 4 anos.

### 3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

### 4. ORZAMENTO AO ALZA DE LICITACIÓN

- a. Orzamento neto: 6.600,00.-€/ano (IVE excluído).
- b. 1.386,00.-€ (IVE 21%).
- c. Total.- 7.986,00.-€ (IVE engadido).

### 5. GARANTÍA DEFINITIVA

Subscrición polo licitador dun contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa, así como a Responsabilidade Civil que cubra as contingencias que podan sufrir os usuarios da actividade por un importe non inferior a 300.000,00.-euros.

### 6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Perfil do contratante: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Exts. 260-262).

### 7. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

- a. Clasificación.- non se esixe.
- b. Solvencia técnico-económica.- a través dos medios previstos nas cláusulas 9.1 e 9.2 do PCAP.

## 8. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas, dentro dos **15 DÍAS NATURAIS** seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, **dentro da data e hora** establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

## 9. APERTURA DE OFERTAS

- a. No perfil do contratante da páxina web municipal publicarase o lugar e a data e hora de apertura das ofertas.

## 10. CRITERIO BASE PARA A ADXUDICACIÓN

### CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR.

Mellor adecuación da Memoria de explotación ás finalidades do contrato, debendo axustar o seu contido ás características e os estándares mínimos recollidos na cláusula 2 do prego de condicións técnicas.....(40 puntos).

### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS.

- a. Maior incremento no prezo fixo, establecido inicialmente na cantidade de 8.712,00 €/anuais (IVE engadido) .....(45 puntos).
- b. Maior desconto sobre a lista de prezos exposto ao público e previamente aprobada, respecto dos eventos e actividades organizadas polo Concello, expresado nunha porcentaxe sobre os prezos da lista .....(5 puntos).
- c. Maior investimento en equipamento complementario e/ou acondicionamento das instalacións, definido polo licitador e avaliado economicamente a prezos de mercado sobre os recollidos no prego técnico, valorándose coa máxima puntuación a oferta que recolla o maior orzamento.....(5 puntos).
- d. Maior canon variable: maior porcentaxe de participación correspondente ao Concello no beneficio neto obtido pola explotación do espazo gastronómico da praza de abastos, segundo resulte da conta anual de explotación.....(5 puntos).

## 11. GASTOS DE ANUNCIOS

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario ata o límite máximo de 600,00.-€.

Monforte de Lemos, 13 de febreiro de 2017, O Alcalde.- José Tomé Roca.

